# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
# DEBUXO TÉCNICO II - 2º BACH

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

**1ª e 2 ª avaliación**

- **Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe imprescindibles para o reforzo da primeira e segunda avaliación serán os mesmos que os mínimos especificados na programación anual da materia.**

**3ª avaliación**

| Criterios de avaliación correspondentes á terceira avaliación | Estándar de aprendizaxe correspondentes á terceira avaliación |
|---|---|
| • B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman. • | • DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida. |
| | • DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. |
| | • DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída. |
| | • DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatementos ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman. |
| • B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispondo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais. | • DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución. |
| | • DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispondo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios. |
| | • DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras. |
| • B3.1. Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade. | • DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico. |
| | • DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen. |
| | • DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas. |
| | • DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispondo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación. |
| • B3,2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacinado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade. | • DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización. |
| | • DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispondo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade. |
| | • DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando |

| | |
|---|---|
| | texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado. |
| | • DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: Levaranse a cabo diferentes tipos de avaliación, como a autoavaliación, a coevaluación e a heteroavaliación con corrección individual de tarefas, prestando especial atención á retroaliamentación na aprendizaxe co fin de acadar os estándares competenciais traballados na terceira avaliación de xeito online mediante videoconferencias e do reforzo específico para os alumnos con avaliacións pendentes. Os alumnos entregarán, por medio da plataforma educativa Moodle do Centro ou mediante correo electrónico, as tarefas prantexadas. Os alumnos con avaliacións pendentes realizarán tarefas específicas onde terán a oportunidade de traballar os estándares de aprendizaxe da avaliación suspensa e así poder recuperalas. |
| | Instrumentos: As tarefas prantexadas serán avaliadas mediante listas de cotexo, ou por avaliación directa facendo tamén control do seguemento da materia por parte dos alumnos a través das videoconferencias, a plataforma e dos foros correspondentes.<br>O traballo específico para alumnos con avaliacións pendentes será avaliado mediante avaliación e corrección directa dos traballos elaborados e previamente presentada aos alumnos. |
| **Cualificación final** | - En caso de ter aprobadas a primeira e a segunda avaliación: a cualificación final será o resultado de sumar, á media entre a primeira e a segunda avaliación, ata dous puntos correspondentes á adquisición das competencias e estándares de aprendizaxe acadados durante o terceiro trimestre mediante a participación nas clases online, o seguemento e realización correcta das tarefas específicas encomendadas. A calificación será segundo os criterios explicados aos alumnos nas sesións online.<br>- En caso de ter suspensa unha ou as dúas avaliacións: o alumno poderá recuperar, e superar a materia, se coa súa nota media de esas avaliacións, máis un máximo de dous puntos, correspondente a cualificación do traballo específico do terceiro trimestre acada como mínimo o |

| | |
|---|---|
| | cinco. Se non acadara dese xeito o aprobado a nota do reforzo específico contaría o 100% da cualificación da avaliación superando a materia se acada como mínimo o cinco e non podendo obter máis dun seis na súa cualificación, nota que podería subir, ata un máximo de dous puntos máis, se a maiores do traballo específico de recuperación realizase, de forma voluntaria, o traballo de ampliación e seguimento da materia no terceiro trimestre. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Os alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria de Xuño, terán que realizar un traballo específico durante o verán dos contidos da primeira e segunda avaliación que contará un 50% (avaliados mediante lista de cotexo) xunto outro 50% correspondente a unha proba escrita presencial (ou online de non ser posible) no mes de Setembro ambas corrixida mediante cualificación directa. |
| **Alumnado de materia pendente de cursos anteriores** | Procedementos e instrumentos de avaliación: Os alumnos de 2º Bach que teñan materia de Debuxo Técnico I pode superar a materia se e quen de acadar as competencias e estándares establecidos para o segundo curso, non obstante de forma voluntaria poderán realizar un boletín de tarefas (que abarque os estándares de aprendizaxes mínimos estipulados na programación anual desa materia) facilitado polo profesor presentándoo de forma satisfactoria a finais de Maio e que será cualificado mediante lista de cotexo. Se non aprobase faríaselle unha proba online antes da avaliación final de curso, corrixida mediante cualificación directa. No caso de non superala, quedará pendente ata presentarse a unha nova proba no mes de Setembro na que terá que realizar un traballo específico durante o verán que cualificará un 50% (avaliado mediante lista de cotexo) xunto outro 50% correspondente a unha proba escrita presencial no mes de Setembro, que se non fose posible se lle farían online, ambas corrixidas mediante cualificación directa. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Dada a importancia dunha boa preparación desde o punto de vista competencial para todo o alumnado , se facilita o acceso a actividades e tarefas online mediante a plataforma educativa Moodle do Centro, acompañadas de clases online por videoconferencia, seguemento e consulta de dúbidas co profesor mediante foros ou mediante correo electrónico, para ampliar, na medida que sexa posible, a adquisición das competencias básicas da materia atendendo aos estándares imprescindibles de aprendizaxe establecidos ao principio deste documento.<br>Para os alumnos que teñen suspensa algunha ou as dúas primeiras avaliacións esas tarefas e seguemento centraranse no repaso e reforzo dos contidos desas dúas avaliacións. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | A metodoloxía empregada trata de adaptarse na medida do posible, á establecida na programación anual e as circunstancias persoais do profesorado e do alumnado xa que a impartición dos contidos se pode ver dificultada por razóns técnicas ou de organización no ámbito familiar sendo flexibles en canto a forma ou plazos á hora de realizar ou entregar as tarefas.<br>A maioría dos alumnos da materia dispoñen de ordenadores, tabletas ou móbiles e acceso a Internet, ainda que non todos teñen as prestacións necesarias para obter o máximo rendemento no proceso de aprendizaxe.<br>Algún dos alumnos do centro presentaron problemas para acceder a tarefa on line por non ter equipos informáticos ou acceso a internet polo que dende o propio colexio, servicios sociais do concello, cáritas, Cruz Vermella, ...se lles facilitaron medios para subsanar dentro do posible o problema e facer accesible a documentación ao alumnado e poder facer así seguemento, resolver as dúbidas e a presentación de tarefas encomendadas.<br>No caso de que apareceran dificultades a maiores o Centro sempre podería imprimir as tarefas ao alumno e que este poida entregalas en man, unha vez realizadas, antes da avaliación final se as condición sanitarias o |

| | |
|---|---|
| | permitiran.<br>Fomentarase a autoavaliación inicialmente, combinada coa heteroavaliación, para dar unha certa liberdade na adaptación ás novas condicións de traballo e sen impor datas límites nas entregas das tarefas para que os alumnos puideran establecer un ritmo e calendario o máis adaptado ás circunstancias persoais de cada un. |
| **Materiais e recursos** | Material en soporte dixital, apuntes en PDF e vídeos explicativos en YouTube (todo elo subministrado a través da plataforma educativa Moodle do Centro), e clases online por videoconferencia (necesarios equipos informáticos con conexión a internet). A maiores: libretas, bolígrafos , material de debuxo, ...para poder facer as tarefas e posteriormente entregalas en formato dixital en Moodle para a súa avaliación, corrección e cualificación. |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O Centro Educativo informa cunha circular e a través dos tutores por correo electrónico a todos os pais, e ten tamén a circular visible na web e nas súas redes sociais para que todo o mundo estivese ao tanto de como se ían impartir as clases dende o confinamento.<br>Ademais o claustro de profesores reunímonos semanalmente para informar aos titores do seguimento dos alumnos e, en caso de necesidade contactar con eles ou cos seus pais para preguntar se hai algún problema e tratar de solucionalo se é posible.<br>Tamén os alumnos e os pais están sendo informados puntualmente vía correo electrónico, chamadas telefónicas ou videoconferencias do seguimento e cualificacións das tarefas realizadas, así como da normativa que a Consellería de Educación vai publicando respecto a avaliación para este final de curso. |
| **Publicidade** | Na páxina web publicouse a información necesaria ás familias para seguir coas clases dende o confinamento, e nas redes sociais do Centro (Facebook, Twitter e Instagram) estase proporcionando esa información tamén directamente aos alumnos e (as familias por |

| | |
|---|---|
| | parte dos tutores) vía correo electrónico ou plataforma Moodle.<br>Esta Adaptación Didáctica será publicada e será accesible para todo o alumnado e as súas familias dende a nosa páxina web de Centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: CPR Plurilingüe "Nuestra Señora del Carmen"**

**CURSO: 2º Bacharelato**

**MATERIA: Historia da Arte**

**DEPARTAMENTO: Humanidades**

**DATA: 13-05-2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e, no seu caso, ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

## 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES NO 3º TRIMESTRE (destacados en verde)

**B3.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.**

HAB3.11.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.

HAB3.11.2. Compara o Barroco tardío e o Rococó, e especifica a diferente concepción da vida e a arte que encerran.

HAB3.11.3. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura.

HAB3.11.4. Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Canova.

HAB3.11.5. Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David.

HAB3.11.6. Distingue entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII.

HAB3.11.7. Explica a figura de Salzillo como derradeiro representante da imaxinaría relixiosa española en madeira policromada.

**B3.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do século XVIII, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).**

HAB3.12.1. *Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio de San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Pazo Real de Madrid, de Juvara e Sacchetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva.*

HAB3.12.2. *Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: "A oración no horto", de Salzillo; "Eros e Psique" e "Paulina Bonaparte", de Canova.*

HAB3.12.3. *Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David: "O xuramento dos Horacios" e "A morte de Marat".*

**B3.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.**

HAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII.

**B3.14. Respectar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.**

HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.

**B4.1. Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores.**

HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos.

HAB4.1.2. *Compara a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios".*

**B4.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociológico e histórico).**

HAB4.2.1. *Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808"; desastre nº 15 ("E non hai remedio") da serie "Os desastres da guerra"; "Saturno devorando un fillo" e "A leiteira de Bordeos".*

**B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.**

HAB4.3.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial.

HAB4.3.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX.

HAB4.3.3. Explica as características do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón.

HAB4.3.4. Explica as características do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo.

HAB4.3.5. Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista.

HAB4.3.6. Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura.

HAB4.3.7. Describe as características e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX.

**B4.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura do século XIX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).**

HAB4.4.1. *Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: Templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorio de Chicago, de Sullivan e Adler; Torre Eiffel de París; Templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí.*

**B4.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.**

HAB4.5.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix.

HAB4.5.2. Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner.

HAB4.5.3. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX.

HAB4.5.4. Compara o Realismo co Romanticismo.

HAB4.5.5. Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo.

HAB4.5.6. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX.

HAB4.5.7. Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo.

**B4.6. Explicar a evolución cara á independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas academias, os salóns, as galerías privadas e os marchantes.**

HAB4.6.1. Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura.

**B4.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).**

HAB4.7.1. *Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "O baño turco", de Ingres; "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade guiando o pobo", de Delacroix; "O carro de feo", de Constable; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet; "O ánxelus", de Millet; "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" e "Mazás e laranxas", de Cézanne; "A noite estrelada" e "O segador", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin.*

**B4.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da escultura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.**

HAB4.8.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios).

HAB4.8.2. Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin.

**B4.9. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da escultura do século XIX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).**

HAB4.9.1. *Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: "O pensador" e "Os burgueses de Calais".*

**B4.10. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.**

HAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico.

HAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas.

**B4.11. Respectar as creacións da arte do século XIX, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.**

HAB4.11.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte do século XIX que se conservan en Galicia.

**B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.**

HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior.

HAB5.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo.

HAB5.1.3. Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético.

HAB5.1.4. Describe o ideario e os principios do futurismo.

HAB5.1.5. Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre os grupos alemáns "A ponte" e "O xinete azul".

HAB5.1.6. Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo.

HAB5.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise.

HAB5.1.8. Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo.

HAB5.1.9. Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas.

HAB5.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes.

**B5.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).**

HAB5.2.1. *Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa de cana" e "Guernica", de Picasso; "A cidade que emerxe", de Boccioni; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Lírica" e "Sobre branco II", de Kandinsky; "Cadrado negro", de Malevich; "Composición II", de Mondrian; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "O elefante das Celebes", de Ernst; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "O xogo lúgubre" e "A persistencia da memoria", de Dalí.*

HAB5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "O profeta", de Gargallo; "Formas únicas de continuidade no espazo", de Boccioni; "Fonte", de Duchamp; "Muller peiteándose ante un espello", de Xulio González; "Mademoiselle Pogany I", de Brancusi; "Lagosta, nasa e cola de peixe", de Calder; "Figura reclinada", de Henry Moore.

**B5.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.**

HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura.

HAB5.3.2. Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno.

**B5.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).**

HAB5.4.1. *Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: edificio da Bauhaus en Dessau (Alemania), de Gropius; pavillón de Alemania en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Saboia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright.*

**B5.5. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais coma as novas tecnoloxías.**

HAB5.5.1. Realiza un traballo de investigación sobre o Grupo de Artistas e Técnicos Españois Para o Progreso da Arquitectura Contemporánea (GATEPAC).

**B5.6. Respectar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual.**

HAB5.6.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección.

**B6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura desde a segunda metade do século XX, enmarcándoa nas novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan ao mundo actual.**

HAB6.1.1. Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte.

HAB6.1.2. Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura.

HAB6.1.3. Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a High Tech, a posmoderna e a deconstrución.

**B6.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).**

HAB6.2.1. *Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "Unité d'habitation" en Marsella, de Le Corbusier; Edificio Seagram en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o Museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Casa da Ópera de Sydney, de J. Utzon; o Centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building de Nova York, de Philip Johnson; o Museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry.*

**B6.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas desde a segunda metade do século XX, no marco das novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan o mundo actual.**

HAB6.3.1. Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano.

HAB6.3.2. Explica a abstracción postpictórica.

HAB6.3.3. Explica o Minimalismo.

HAB6.3.4. Explica a arte cinética e a Op-Art.

HAB6.3.5. Explica a arte conceptual.

HAB6.3.6. Explica a Arte Povera.

HAB6.3.7. Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo.

HAB6.3.8. Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art.

HAB6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas.

**B6.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).**

HAB6.4.1. *Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título) e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; "Grito nº 7", de Antonio Saura; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Ctesiphon III", de F. Stella; "Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López.*

**B6.5. Explicar o desenvolvemento e a extensión dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión,o cartelismo ou o cómic, especificando o modo en que combinan diversas linguaxes expresivas.**

HAB6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador.

**B6.6. Describir as posibilidades que abriron as novas tecnoloxías, e explicar os seus efectos tanto para a creación artística como para a difusión da arte.**

HAB6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte.

**B6.7. Identificar a presenza da arte na vida cotiá, e distinguir os ámbitos en que se manifesta.**

HAB6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais.

HAB6.7.2. Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá.

**B6.8. Respectar as manifestacións da arte de todos os tempos, valorándoas como patrimonio cultural herdado que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras, e explicar que é o Patrimonio Mundial da**

**UNESCO, así como a súa orixe e a súa finalidade.**

HAB6.8.1. Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os seus obxectivos.

HAB6.8.2. Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO.

**B7.1. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais.**

HAB7.1.1. Utiliza con corrección a terminoloxía específica das artes en exposicións orais e escritas.

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<table>
<tr><td rowspan="2">AVALIACIÓN</td><td>PROCEDEMENTOS</td><td>Observación sistematica, a través de:<br>– táboas de rexistro de entrega de tarefas<br>– rúbricas de valoración de tarefas<br>– listado de asistencia ás clases virtuais</td></tr>
<tr><td>INSTRUMENTOS</td><td>Para o cálculo da cualificación, de 0 a 2 puntos, elaborarase unha rúbrica que valorará:<br>– a entrega de tarefas en prazo: calquera atraso será comunicado ao titor ou profesor correspondente, quen valorará os motivos do mesmo.<br>– a asistencia ás clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, uso dos recursos ou material necesario, cumprimento das pautas básicas de asistencia ás clases telemáticas e actitude amosada ao longo das mesmas (ver documento enviado polos titores a familias e alumnos).<br>– o grao de realización das tarefas: calidade da súa resolución segundo as indicacións dadas, correspondencia respecto aos contidos esixidos, presentación, formato, orixinalidade…<br>– a realización de probas presenciais, no caso de realizarse.<br><br>Prestarase especial atención á adquisición das seguintes competencias:<br>1. Comunicación lingüística (CCL).<br>2. Competencia matemática e competencia básica en ciencias e tecnoloxía (CMCT).<br>3. Competencia dixital (CD).<br>4. Aprender a aprender (CPAA).<br>5. Competencias sociais e cívicas (CSC).<br>6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIE).<br>7. Conciencia e expresións culturais (CEC).</td></tr>
<tr><td>CUALIFICACIÓN FINAL</td><td colspan="2">Para calcular a nota final terase en conta:<br>1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación.<br>2. A esa nota media poderá sumarse a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo das tarefas realizadas ao longo da 3ª avaliación. (ver apartado Avaliación)<br><br>Na convocatoria ordinaria de xuño, a recuperación das avaliacións pendentes farase mediante a realización de tarefas correspondentes ás dúas partes, similares ás probas ABAU:<br>- definición de catro conceptos artísticos (2 p)<br>- comentario de dúas obras artísticas: identificación, título, autor, cronoloxía, cultura, estilo e movemento (2 p), contexto histórico-artístico (2 p) e análise e comentario da obra (4 p).<br><br>No caso de alumnos/as con algunha avaliación suspensa, deberán realizar distintas probas sobre os contidos correspondentes á avaliación a recuperar; neste caso, a nota resultante calcularase coa media entre a 1ª e 2ª avalación, á que se lle engadirá un máximo de 2 puntos</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| | dependendo das tarefas levadas a cabo no 3º trimestre, sempre que cumpran os criterios citados (ver apartado Avaliación). | |
| PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO | O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, terá oportunidade de facelo na extraordinaria de septembro de 2020 e, dependendo da situación sanitaria, a proba poderá ser presencial ou telemática.<br>Os criterios de avaliación e de cualificación, os procedementos e os instrumentos de avaliación serán os que figuran na programación de principios de curso.<br>A proba escrita corresponderase cos contidos da 1ª e 2ª avaliación, segundo o modelo ABAU:<br>- definición de catro conceptos artísticos (2 p)<br>- comentario de dúas obras artísticas: identificacón, título, autor, cronoloxía, cultura, estilo e movemento (2 p), contexto histórico-artístico (2 p) e análise e comentario da obra (4 p). | |
| ALUMNADO PENDENTE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | N/A |
| | CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | N/A |
| | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | N/A |

## 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

| | |
|---|---|
| ACTIVIDADES | Tarefas de repaso ou reforzo:<br>- identificación, análise e comentario de obras<br>- realización de esquemas e sínteses de períodos e estilos<br>- cuestionarios de vocabulario artístico |
| METODOLOXÍA<br><br>(ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE) | O alumnado asistirá a clase por videoconferencia unha sesión semanal, para a resolución de dúbidas sobre as tarefas.<br>As tarefas individuais serán emitidas a través de correo electrónico e reenviadas de xeito individual coa súa correspondente corrección. |
| MATERIAIS E RECURSOS | - manual de texto<br>- apuntamentos de clase<br>- sínteses e fichas en formato .pdf<br>- material audiovisual na rede<br>- plataforma Cisco Webex |

## 4. NFORMACIÓN E PUBLICIDADE

| | |
|---|---|
| INFORMACIÓN A ALUMNADO E FAMILIAS | Procedemento empregado para informar ao alumnado:<br>As tarefas asignadas serán comunicadas previamente ao titor/a. O alumnado e as familias recibirán as tarefas por correo electrónico ou, se non é posible, o titor/a poderá comunicalas por teléfono. |
| PUBLICIDADE | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# BIOLOXÍA 2º BACHARELATO

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| **1ª e 2ª AVALIACIÓN** | |
| Dado que son alumnos de 2º de Bacharelato e a importancia dunha boa preparación de cara á selectividade, os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe imprescindibles para o repaso e reforzo da primeira e segunda avaliación serán os mesmos que os especificados na programación anual da materia. | |
| **3ª AVALIACIÓN** | |
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| ▪ B2.1. Establecer as diferenzas estruturais e de composición entre células procariotas e eucarióticas. | ▪ BB2.1.1. Compara unha célula procariota con unha eucariótica, e identifica os orgánulos citoplasmático presentes nelas. |
| ▪ B2.2. Interpretar e identificar a estrutura dunha célula eucariótica animal e dunha vexetal, representar os seus orgánulos e describir a súa función. | ▪ BB2.2.1. Esquematiza os orgánulos citoplasmáticos e recoñece as súas estructuras. |
| | ▪ BB2.2.2. Analiza a relación entre a composición química, a estrutura e a ultraestructura dos orgánulos celulares, e a súa función. |
| ▪ B2.3. Analizar o ciclo celular e diferenciar as súas fases. | ▪ BB2.3.1. Identifica as fases do ciclo celular, e explica os principais procesos que acontecen en cada unha. |
| ▪ B2.4. Distinguir e identificar os tipos de división celular, e desenvolver os acontecementos que teñen lugar en cada fase. | ▪ BB2.4.1. Recoñece en microfotografías e esquemas as fases da mitose e da meiose, e indica os acontecementos básicos que se producen en cada unha. |
| | ▪ BB2.4.2. Establece as analoxías e as diferenzas máis significativas entre mitose e meiose. |
| ▪ B2.5. Argumentar a relación da meiose coa variabilidade xenética das especies. | ▪ BB2.5.1. Resume a relación da meiose coa reprodución sexual, o aumento da variabilidade xenética e a posibilidade de evolución das especies. |
| ▪ B2.6. Examinar e comprender a importancia das membranas na regulación dos intercambios celulares para o mantemento da vida, e realizar experiencias sobre a plasmolise e a turxescencia. | ▪ BB2.6.1. Compara e distingue os tipos e os subtipos de transporte a través das membranas, e explica detalladamente as características de cada un. |
| ▪ B4.1. Diferenciar os tipos de microorganismos en función da súa organización celular. | ▪ BB4.1.1. Clasifica os microorganismos no grupo taxonómico ao que pertencen. |
| ▪ B4.2. Describir as características estruturais e funcionais dos grupos de microorganismos. | ▪ BB4.2.1. Analiza a estrutura e a composición dos microorganismos e relaciónaas coa súa función. |
| ▪ B4.4. Valorar a importancia dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos. | ▪ BB4.4.1. Recoñece e explica o papel fundamental dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos. |
| ▪ B4.5. Recoñecer e numerar as doenzas máis frecuentes transmitidas polos microorganismos, utilizando o vocabulario axeitado relacionado con elas. | ▪ BB4.5.1. Relaciona os microorganismos patóxenos máis frecuentes coas doenzas que orixinan. |
| | |

| | |
|---|---|
| ▪ B5.1. Desenvolver o concepto actual de inmunidade. | ▪ BB5.1.1. Analiza os mecanismos de autodefensa dos seres vivos e identifica os tipos de resposta inmunitaria. |
| ▪ B5.2. Distinguir inmunidade inespecífica e específica, así como as súas células respectivas. | ▪ BB5.2.1. Describe as características e os métodos de acción das células implicadas na resposta inmune. |
| B5.3. Discriminar resposta inmune primaria e secundaria. | ▪ BB5.3.1. Compara as características da resposta inmune primaria e secundaria. |
| ▪ B5.4. Definir os conceptos de antíxeno e anticorpo, e identificar a estrutura dos anticorpos. | ▪ BB5.4.1. Define os conceptos de antíxeno e de anticorpo, e recoñece a estrutura e a composición química dos anticorpos. |
| ▪ B5.6. Diferenciar inmunidade natural e artificial, e soro e vacina. | ▪ BB5.6.1. Destaca a importancia da memoria inmunolóxica no mecanismo de acción da resposta inmunitaria e asóciaa coa síntese de vacinas e soros. |
| ▪ B5.7. Investigar a relación entre as disfuncións do sistema inmune e algunhas patoloxías frecuentes. | ▪ BB5.7.1. Resume as principais alteracións e disfuncións do sistema inmunitario, e analiza as diferenzas entre alerxias e inmunodeficiencias. |
| ▪ B5.8. Analizar e describir o ciclo do virus do VIH. | ▪ BB5.8.1. Describe o ciclo de desenvolvemento do VIH. |
| ▪ B5.9. Describir o proceso de autoinmunidade. | ▪ BB5.9.1. Clasifica e cita exemplos das doenzas autoinmunes máis frecuentes, así como os seus efectos sobre a saúde. |
| ▪ B5.10. Argumentar e valorar os avances da inmunoloxía e a enxeñaría xenética nos tratamentos con anticorpos monoclonais e os transplantes de órganos, e a problemática do rexeitamento. | ▪ BB5.10.1. Recoñece e valora as aplicacións da inmunoloxía e da enxeñaría xenética para a produción de anticorpos monoclonais. |
| | ▪ BB5.10.2. Describe os problemas asociados ao transplante de órganos, e identifica as células que actúan. |
| | ▪ BB5.10.3. Clasifica e entende os tipos de transplantes, e relaciona os avances neste ámbito co impacto futuro na doazón de órganos, medula e sangue. |

| | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>- Avaliación directa, mediante intercambios orais cos alumnos, durante as videoconferencias.<br>- Análise da tarefa entregada polo alumnado.<br>- Probas específicas orais e escritas.<br>Ademais levaranse a cabo diferentes tipos de autoavaliación e coavaliación. |
| | Instrumentos:<br>- Control do seguimento da materia por parte dos alumnos a través das videoconferencias.<br>- Rexistro de entrega das actividades.<br>- valoración das actividades entregadas. |
| **Cualificación final** | Para a nota final (convocatoria ordinaria), terase en conta:<br>1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación.<br>2. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ó longo da 3ª avaliación. Para elo aplicaranse os seguintes criterios:<br>- Asistencia a clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos o material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como el correcto comportamento durante as mesmas (ver documento enviado por los titores a familias y alumnos). ***0,5 p***<br>- Entrega de tarefas en prazo: calquera retraso ha de ser comunicado ao titor ou profesor correspondente, que estudará cada caso. ***0,5 p***<br>- Grado de realización de las tarefas: calidade na resolución de las actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,…). ***0,5 p***<br>- Probas online que se poidan realizar ou probas presenciais, en caso de poder realizarse. ***0,5 p*** |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Todos os alumnos teñen aprobada a primeira e a segunda avaliación, polo tanto non se da o caso de ter que presentarse á proba extraordinaria de setembro. |
| **Alumnado de materia pendente** | Non aplica. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | - Clases online por videoconferencia.<br>- Seguimento e consulta de dúbidas co profesor mediante correo electrónico ou durante as clases online.<br>- Actividades como esquemas, definicións, preguntas tipo selectividade … |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todos os alumnos da materia dispoñen de ordenadores, tabletas ou móbiles e acceso a Internet, aínda que a impartición de contidos pode verse dificultada por razóns técnicas ou de organización no ámbito familiar, polo que se flexibilizará ao máximo a forma ou os plazos á hora de entregar as tarefas.<br>Se algún dos alumnos presentara problemas para acceder á tarefa on line por non ter equipos informáticos ou acceso a internet dende o propio colexio ou a través de servizos sociais do concello, cáritas, Cruz Vermella, ... trataríase de subsanar dentro do posible o problema e facer accesible a documentación ao alumnado para poder facer así seguemento, resolver as dúbidas e a presentación.<br>Prestarase especial atención á retroalimentación na aprendizaxe así como á autoavaliación combinada coa heteroavaliación co fin de que o alumnado acade os estándares de aprendizaxe da 3ª avaliación e o repaso e reforzo dos da 1ª e 2ª avaliación. |
| **Materiais e recursos** | - Clases online por videoconferencia, para o que se necesitan ordenadores ou algún dispositivo móbil e conexión a internet.<br>- Libro de texto do alumno.<br>- Fotografías de esquemas e das páxinas das unidades impartidas subrayadas.<br>- Coleccións de preguntas de exames de selectividade por bloques para facilitar a aprendizaxe e o repaso.<br>- Copias de exames de selectividade.<br>- Material para a realización das tarefas que despois son entregadas por correo electrónico. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO | O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, terá oportunidade de facelo na extraordinaria de septembro de 2020 e, dependendo da situación sanitaria, a proba poderá ser presencial ou telemática.<br>Os criterios de avaliación e de cualificación, os procedementos e os instrumentos de avaliación serán os que figuran na programación de principios de curso.<br>A proba escrita referirase aos contidos da 1ª e 2ª avaliación, segundo o modelo ABAU: comentario de tres textos (5 p), resolución de catro conceptos do glosario (2 p) e unha cuestión a desenvolver (3 p) | |
| ALUMNADO PENDENTE | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | N/A |
| | CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | N/A |
| | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | N/A |

## 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

| | |
|---|---|
| ACTIVIDADES | Repaso e reforzo respecto de:<br>- elaboración de comentario de textos (clasificación, análise e comentario).<br>- realización de esquemas/mapas mentais ou sínteses<br>- elaboración de eixos cronolóxicos<br>- análise práctico de mapas, estatísticas, gráficas e imaxes.<br>- cuestionarios de vocabulario histórico |
| METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE) | O alumnado asistirá a clase por videoconferencia dúas sesións semanais, para a resolución de dúbidas xerais sobre as tarefas.<br>As tarefas individuais serán emitidas a través de correo electrónico e serán reenviadas de xeito individual coa súa correspondente corrección. |
| MATERIAIS E RECURSOS | - textos<br>- mapas históricos<br>- gráficas e estatísticas<br>- apuntamentos de clase (non hai libro do alumno).<br>- esquemas, cuestionarios e sínteses (en formato .pdf)<br>- material audiovisual diverso (enlaces da web e podcast de Instagram) |

## 4. NFORMACIÓN E PUBLICIDADE

| | |
|---|---|
| INFORMACIÓN A ALUMNADO E FAMILIAS | Procedemento empregado para informar ao alumnado:<br>As tarefas asignadas serán comunicadas previamente ao titor/a. O alumnado e as familias recibirán as tarefas por correo electrónico ou, se non é posible, o titor/a poderá comunicalas por teléfono. |
| PUBLICIDADE | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR NTRA SEÑORA DEL CARMEN
CURSO: 2º BAC
MATERIA: Hª da FILOSOFÍA
DEPARTAMENTO: HUMANIDADES

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1. Entender o materialismo histórico de Marx, analizando a teoría do cambio social, a alienación e a crítica ás ideoloxías, relacionándoo co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e identificando a influencia de Marx no desenvolvemento das ideas e os cambios sociais da Idade Contemporánea e valorando criticamente o seu discurso. | 1.1. Identifica conceptos de Marx, como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalía e humanismo, entre outros, utilizándoos con rigor.<br>1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación, á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo.<br>1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea relacionándoos coas solucións achegadas por Marx.<br>1.4 Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social. |
| 1.Comprender o vitalismo de Nietzsche, analizando a crítica á metafísica, á moral, á ciencia e á linguaxe e entendendo a afirmación do superhome como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, relacionándoo co vitalismo de Schopenhauer, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios sociais contemporáneos e axuizando criticamente o seu discurso. | 1.1. Define conceptos de Nietzsche, como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder e eterno retorno, entre outros, aplicándoos con rigor.<br>1.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, a moral, a ciencia, a verdade como metáfora e a afirmación do superhome como resultado do investimento de valores e a vontade de poder, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea.<br>1.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade, identificando os problemas da filosofía contemporánea e relacionándoas coas solucións achegadas por Nietzsche.<br>1.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, valorando positivamente da defensa da verdade e da liberdade. |
| ▪ 1. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset, analizando a evolución do seu pensamento a través do obxectivismo, o | 1.1. Utiliza conceptos aplicándoos con rigor como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, |

| | |
|---|---|
| perspectivismo e o raciovitalismo, comprendendo o sentido orteguiano de conceptos como filosofía, vida, verdade, mundo, razón vital, razón histórica, relacionándoo con figuras tanto da filosofía española | raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.<br>1.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, relacionándoas con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras.<br>1.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega e Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, valorando positivamente o seu compromiso coa defensa da cultura e a democracia. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos de avaliación:<br>- Observación sistemática a través de táboas de rexistro e listas de cotexo da asistencia ás videoconferencias.<br>-Recollida e valoración da manifestacións por escrito do alumnado, principalmente comentarios de texto e corrección seguindo unha rubrica.<br>- Recollida dos resultados das probas obxectivas, tipo test ou cuestionarios realizados nas seguintes plataformas: Moodle, Kahoot, Quizizz, Educaplay e outras... |
| | Instrumentos: Para o cálculo da cualificación que será de 0 a 2, existe unha rúbrica na que se valoran os seguintes aspectos:<br><br>• Entrega de tarefas en prazo: calquera atraso será comunicado ao titor ou profesor correspondente, que estudará cada caso.<br>• Asistencia a clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como o correcto comportamento durante as mesmas (ver documento enviado polos titores a familias e alumnos).<br>• Grao de realización das tarefas: calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,…).<br>• Realización das Probas Online que se poidan realizar.<br>• Probas presenciais, en caso de poder realizarse.<br>Prestarase especial atención á adquisición das seguintes competencias:<br>1. Comunicación lingüística ( CCL ).<br>2. Competencia matemática e competencia básica en ciencias e tecnoloxía ( CMCT ).<br>3. Competencia dixital (CD).<br>4. Aprender a aprender ( CPAA ). |

| | |
|---|---|
| | 5. Competencias sociais e cívicas (CSC).<br>6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor ( CSIE ).<br>7. Conciencia e expresións culturais (CEC). |
| **Cualificación final** | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>Para a nota final (convocatoria ordinaria), en cada materia terase en conta:<br>1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación.<br>2. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ao longo da 3ª avaliación. ( Ver apartado de avaliación)<br><br>A recuperación das avaliacións pendentes, en convocatoria ordinaria, farase mediante proba Online de comentario de texto, distribuído en dúas opcións segundo os bloques das ABAU, os textos serán similares en dificultade e contido ós das ABAU e serán un único texto con opción A ou B por cada avaliación.<br><br>No caso de alumnos coas dúas avaliacións suspensas deberán examinarse de un texto de cada avaliación e a nota resultante será a media de ambos exercicios, aos que haberá que sumar a cualificación obtida na 3ª que será de un máximo de 2 puntos, se se cumpren os criterios xa mencionados no epígrafe avaliación. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Proba teórico-práctica con contidos da 1º e 2º avaliación.<br>O modelo de exame será o recomendado polas ABAU, respectando a distribución por bloques A e B de contido e con unha proba para cada opción a escolla do alumno.<br>O exame contará cun comentario de texto, coa cualificación de 0-6 e unha pregunta de desenvolvemento seguindo os estándares das ABAU, coa cualificación de 0-4 ptos.<br>Se o comentario é da 1ª das avaliación a pregunta de desenvolvemento será un estándar da 2ª avaliación ou viceversa.<br>No caso de que o alumnado só teña suspensa algunha das avaliacións, poderá recuperar só dita avaliación, a través dun exame coa mesma estrutura do exame das ABAU, comentario de texto ( ata 6 puntos) e unha pregunta de desenvolvemento coa puntuación máxima de 4 puntos, sobre os estándares do grupo de traballo de |

| | |
|---|---|
| | filosofía e tamén coa opción a escolla A e B, respectando os bloques das ABAU, pero só sobre os contidos de dita avaliación. |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación:<br>N/A |
| | Criterios de cualificación:<br><br>N/A |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: N/A |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividade** | Actividades de repaso realizadas nas plataformas.<br><br>Especialmente comentarios de texto en:<br>http://moodle.atochabetanzos.com/ ( Comentarios de texto, cuestións teóricas e cuestionarios)<br><br>Outras plataformas utilizadas:<br>https://quizizz.com/ (Tarefas asignadas)<br>https://es.educaplay.com/ ( Retos) [https://game.educaplay.com/ ] |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Os titores contactaron co alumnado que non dispoñía de medios de conexión, grazas ó Concello de Betanzos, solicitouse unha conexión 4G, polo que agora, tódolos alumnos dispoñen de dispositivos con conexión a Internet e teñen a súa disposición redes Lan, Wi-Fi ou 4G.<br><br>Os alumnos teñen catro sesións semanais por videoconferencia á |

| | |
|---|---|
| | semana, seguindo o horario lectivo.<br><br>As tarefas ofrécese a través do Moodle e entréganse nesta plataforma: moodle.atochabetanzos.com<br><br>As correccións pódense entregar a través do moodle, notificando a plataforma por correo electrónico, a inserción de comentarios e a avaliación das tarefas, pero tamén directamente de maneira personalizada a través do correo electrónico, remitindo as pertinentes correccións. |
| **Materiais e recursos** | - Comentarios de texto.<br>- Vídeos<br>- Apuntamentos en formato pdf, ppt, odt, odp…<br>- Test de reposta múltiple.<br>- Pasapalabra<br>- Esquemas en formato imaxe.<br>... |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.<br>1- A través do titor<br>2- Se o titor o considera por correo electrónico coa familia. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.P.R. plurilingüe Nuestra Sra del Carmen
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: Inglés
DEPARTAMENTO: Linguas
DATA:11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1-Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e a organización da información e o tipo de texto. | 1-Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou grafitti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais). |
| 2-Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinalizadas; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua, formulados de xeito claro. | 2-Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese. |
| 3-Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles. | 3-Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade. |
| 4-Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos e relacionados cos propios intereses e as necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua e escritos sen modismos pouco frecuentes. | 4- Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos. |
| 5-Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos ben estruturados e de certa lonxitude; por exemplo, integrando de maneira apropiada información relevante procedente de fontes diversas, ou reaxustando o rexistro ou o estilo (incluíndo léxico, estruturas sintácticas e patróns discursivos) para adaptar o texto ao destinatario e ao contexto específicos. | 5-Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada. |
| 6-Presentar os textos escritos de maneira coidadosa (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas. | 6-Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía. |
| 7-Axustarse con consistencia aos patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico. | 7-Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación. |
| 8-Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais e escritos ben axustados ao contexto específico, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias, e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando | 8-Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación. |

| | |
|---|---|
| erros serios de formulación ou presentación textual que poidan conducir a malentendidos ou situacións potencialmente conflitivas. | |
| 9-Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal ata institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (por exemplo, históricos, xeográficos, literarios ou artísticos), que permitan captar as alusións máis directas sobre estes aspectos que poida conter o texto. | 9-Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. |
| 10-Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesite desta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta. | 10-Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta. |
| | |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: Continuaránse a realizar actividades de reforzo, afianzando a adquisición de competencias clave e contidos máis relevantes de cada materia, impartidos no 1er y 2º trimestre.<br><br>As actividades que se veñen realizando desde o principio do Estado de Alarma están sendo rexistradas, valoradas e tidas en conta polos docentes para favorecer a avaliación do alumnado.<br><br>A evaluación final será o día 8 de xuño. Do día 1 ao 5 de xunio se realizarán probas evaluativas, ben presenciais si a situación o permite, ou ben telemáticas. |
| | Instrumentos:<br>A avaliación se baseará nas tarefas que semanalmente se enviarán aos alumnos a través de email, tendo en conta que sexan orixinais (non copiadas), que estén ben feitas, ben presentadas e entregadas dentro de prazo (a non ser que haia alguna causa xustificada); ocasionalmente, se terán clases por videoconferencia que tamén se poderán valorar polas intervencións, o comportamento, e interese amosado polo alumnado. |
| **Cualificación final** | **Para a nota final (convocatoria ordinaria), se terá en conta:**<br>1. A nota media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación<br>2. A esa nota media se poderá sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ao longo da 3ª avaliación. Para esto, os criterios que se aplicarán e se ponderarán de maneira obxetiva, son os seguintes:<br>• **Asistencia a clases por videoconferencia:** actitude, interés, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clase telemáticas, así como o correcto comportamento durante as mesmas (documento enviado polos titores a familias e alumnos) (ata 0,4)<br>• **Entrega de tarefas en prazo:** calquera retraso debe ser comunicado ao titor ou profesor, que estudará o caso (ata 0,4)<br>• **Grado de realización de tarefas:** calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato…) (ata 0,4)<br>• **Entrega de traballos:** a sua execución debe seguir os crietrios e indicacións do profesorado, os traballos deben ser orixinais ou, no seu caso, identificar as fontes (non se valorarán tarefas de “copia-pega”)<br>• **Probas** online que se poidan realizar ou **Probas presenciais**, en caso de poder realizarse (ata 0,4)<br><br>**Desde o día 11 de maio (ou xa en días anteriores),** se reforzan e consolidan as aprendizaxes da 1ª e 2ª avaliación e:<br><br>a) Os alumnos que non superaron algunha/s materia/s na 1º ou a 2ª avaliación, ou en ambas, terán que asistir a clases e realizar as tarefas específicas que lle asigne o profesorado, para seguir reforzando e poder acadar os estándares mínimos, respetando os criterios citados anteriormente.<br><br>b) Os alumnos que teñen algunha avaliación suspensa poderán recuperala cos traballos, actividades e probas que lle indique o profesor.<br><br>c) Aqueles **alumnos que superaron todas as materias** e que realizarán as probas **ABAU poderán** participar nas clases das materias, comúns e |

| | |
|---|---|
| | específicas, das que se vaian examinar en ditas probas. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | O alumnado que non supere algunha/s materia/s na convocatoria ordinaria terá a oportunidade de presentarse ás **probas extraordinarias** en setembro 2020 tendo en conta os mesmos criterios de avaliación e estándares de apredizaxe aplicados na convocatoria ordinaria. |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación: O alumnado que teña **materias pendentes do curso anterior** terán que realizar e entregar as tarefas e traballos que lle indique o profesor/a correspondente, según dos **procedemientos acordados e detallados con anterioridade** e poderá convocarse a probas por videoconferencia ou, si é posible, presenciais. |
| | Criterios de cualificación:<br>Segundo a programación, a avaliación dos alumnos con materias pendentes se fará correspondéndose cos tres trimestres do presente curso. Un 60% da nota se corresponde co traballo entregado e o restante 40% á proba escrita. Os alumnos debían acadar un mínimo dun 4 na proba escrita para poder facer media (na programación). Esta norma de chegar a un 4 se elimina debido á presente situación, polo que hai alumnos que estaban suspensos e pasan automáticamente a estar aprobados.<br>Aqueles alumnos que xa tiñan aprobada a 1ª e 2ª avaliacións e entreguen as tarefas asignadas polo profesor para este 3º trimestre, se consideran aprobados na materia. Os alumnos que teñas alguna das avaliacións previas suspensas poderán recuperar entregando as tarefas de repaso e reforzo pertinentes. |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>A avaliación se baseará na media da 1ª e 2ª alvaliacións: se os alumnos teñen as duas avaliacións aprobadas, e entregan as tarefas de repaso asignadas no terceiro trimestre, xa estarán aprobados. Os que teñan a 1ª ou 2ª avaliación pendentes – una vez revisada a norma incluida na programación de acadar un 4 como mínimo para facer media- terán que entregar a maiores, tarefas de repaso coa materia de esa avaliación: si a materia que entreguen é orixinal (non está copiada) e está ben realizada, se dará por recuperada a mencionada/s avaliación/s. |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades plantexadas durante este tercer trimestre consisten principalmente en rematar a materia que quedaba (medio tema) e facer bastantes exercicios; seguíuse coa rutina de entregar un texto (estilo ABAU) semanalmente, igual que se veu facendo ao longo de todo o curso. Se consideran os textos un xeito de repaso, dado que para facelos teñen que repasar vocabulario, gramática, Writing…<br>Aparte de eso, aos alumnos con alguna avaliación pendente, se lles envía traballo específico de repaso de ese trimestre, para reforzar coñecementos de gramática e vocabulario. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | O canal de comunicación principal é o email, por onde se envian as tarefas aos alumnos/as, por onde eles devolven o traballo feito e se lles devolve corrixido. De cando en vez se teñen clases online para poder solventar posibles dúbidas, aínda que cando as teñen tamén as plantexan e solventan a través do email. Ocasionalmente se tiveron clases online para falar co grupo, tentar animalos e solventar posibles dúbidas. |
| **Materiais e recursos** | O traballo principal do principio baseóuse nos libros do alumno e de traballo, ata rematar toda a materia do curso. A partir de ahí enviáronse diversos links, arquivos con repaso de gramática, arquivos cos textos estilo ABAU… |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Principalmente email, con posibilidade de algunha clase online esporádica para aclarar dúbidas concretas. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR PLURINLINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN
CURSO: 2º BACH
MATERIA: LATÍN
DEPARTAMENTO: LINGUAS
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | LA1B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais. CSC CAA CD |
| B3.4.-6 Recoñecer e reforzar as declinacións (substantivo, adxectivo, numerais...) e as formas verbais do tema de presente e perfecto en voz activa e pasiva | LAB3.4.2. Recoñece e declina palabras (substantivo, adxectivo, numerais...) e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma<br>LAB3.6.1. Recoñece e identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino CAA CCL |
| B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha. | LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. CAA CCL |
| B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes. | LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece. CCL |
| B6.1. Aplicar e reforzar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para a tradución | LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados de Eutropio CCL CAA |
| B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. | LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.<br>CCL CAA CSC CCEC |
| B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances. | LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos. |
| B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. | LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. CMCCT CAA |
| B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado. | LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. CCL |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>Revisase e reforzase o impartido nos dous primeiros trimestres, decidiuse para a tradución centrarse nos textos de Eutropio (análise morfosintáctica e tradución), e ante a situación, non traballar Fedro. Para o terceiro trimestre, acordouse ampliar con contidos pendentes<br>-Completar as locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e literaria (xa iniciado nos anteriores trimestres)<br>-Completar a toponimia (xa iniciado nos anteriores trimestres)<br>- Literatura: a épica e a lírica. |
| | Instrumentos:<br>Instrumentos: (0-2 puntos)<br>Tradución e preguntas propostas: 1 p<br>Videoconferencia (puntualidade, atención, participación…): 0,5 p<br>Entrega do traballo e en prazo: 0,5 p<br>De ser posible, proba escrita<br>Nos instrumentos citados valorarase a calidade dos traballos, a capacidade de análise, unha atinada presentación entre outros aspectos. |
| **Cualificación final** | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>Na convocatoria ordinaria para a cualificación final:<br>1.Media da 1ª e 2ª Aval.<br>2.Sumarase ata dous puntos como máximo á nota media resultante do punto 1 |
| **Proba extraordinaria de setembro** | No caso de non superar a materia, o alumnado acudirá á proba extraordinaria de setembro. |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación: N.A. |
| | Criterios de cualificación: N.A. |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: N.A. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Traducións, comentario das mesmas, cuestións de toponimia e latinismos, preguntas sobre os xéneros literarios latinos. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | No que respecta á conectividade, mantense a comunicación por e-mail e nas videoconferencias co alumnado que remite as tarefas ao profesor. Permanente contacto do profesorado co titor no seguimento do alumnado.<br>Os problemas de conectividade intentaronse solucionar desde o propio Centro, o Concello e outras entidades.<br>En ocasións, xorden incidencias: caída de rede, dispositivos compartidos… |
| **Materiais e recursos** | Textos, videos, apuntamentos, móbil, ordenador… |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | A comunicación co alumnado e as familias faise a través da titora, e en moitas ocasións directamente por e-mail co alumnado, ademais mántense a comunicación directa nas videoconferencias. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR PLURILINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN (ATOCHA), BETANZOS
CURSO: 2º BACH
MATERIA: LENGUA Y LITERATURA CASTELLANA
DEPARTAMENTO: DE LENGUAS
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| En el **apartado de la expresión y comprensión**, comprender textos de distinta tipología(incluyendo las variedades lingüísticas) según la forma del discurso y diferente intención comunicativa y elaborartextos propios(practicando fundamentalmente la exposición y laargumentación),con una ortografía correcta, un vocabulario y unas estructuras precisos, y de forma coherente, cohesionada y adecuada a cada situación comunicativa (valorando su relevancia social y la necesidad de expresarse respetando los mecanismos lingüísticos establecidospara conseguir una comunicación eficaz). | Comprende, analiza (tema, esquema, resumen…) y elabora textos de distinta tipología, redactando comentarios críticos, en base a opiniones e ideas propias, expresándose de forma correcta y adecuada, coherente y cohesionada.<br>(CCL, CD, CPAA, CSC, CSIE, CEC). |
| En el **apartado de gramática**, realizar análisis morfo-sintácticos que verifiquen su conocimiento de los principios gramaticales fundamentales(clases de palabras, oración simple y compuesta), así como entender eidentificar y utilizar conceptosrelacionados con elsignificado de las palabras (denotación y connotación, metáfora y metonimia, tabúes y eufemismos, monosemia y polisemia, homófonos y homógrafos, sinonimia y antonimia, hiperónimos e hipónimos…). | Realiza análisis morfo-sintácticos, reconociendo las diferentes unidades de la lengua y sus combinaciones,identificando las clases de palabras y los elementos constitutivos de una oración simple,así como la estructura de las oraciones compuestas, comprendiendo y aplicando asimismo las relaciones de significado que se establecen entre las palabras.<br>(CCL, CPAA, CSC, CSIE). |
| Por lo que respecta al **bloque de Literatura**, repasar las características de la comunicación literaria (géneros y subgéneros, diferencia verso -principios métricos fundamentales y estrofas- y prosa, y algunas figuras -orecursos fónicos, gramaticales y semánticos- y tópicos usadosen contextos literarios), para comprender elacervo literario del siglo xx, comenzando por el contexto sociocultural de cada período, tanto revisando los ya impartidos (desde el Modernismo y 98 hasta poesía y teatro de postguerra),como los abordados(de forma telemática y por ello más dificultosa) tras el confinamiento,la novela española de postguerra y democracia y la narrativa hispanoamericana a partir de la 2ª mitad del s.XX. | Reconoce las características de la comunicación literaria y explicalas principales tendencias/corrientes, rasgos significativos, autores y obras relevantes de la literatura española del s.XX(preguerra/postguerra), tanto los ya impartidoscomo los abordados de forma no presencial tras el confinamiento: la novela española de postguerra y democraciay la narrativa hispanoamericana a partir de la 2ª mitad del s.XX, contextualizándolas y comentando fragmentos relevantes.<br>(CCL, CD, CPAA, CSC, CSIE, CEC). |
| Entender y analizarlas **obras de lectura** establecidas por el Grupo de Trabajo de la materia: *El lector de Julio Verne y Crónica de una muerte anunciada,* abordadas (de forma telemática y por ello más dificultosa) tras el confinamiento(con repaso de las ya impartidas, el *Romancero…*y *La fundación)*. | Entiende y desarrolla lascuestiones relativas a lasobras de lectura establecidas por el Grupo de Trabajo de la materia,abordadas de forma no presencial: *El lector de Julio Verne y Crónica de una muerte…* (repasandoel *Romancero…* y *La fundación)*.<br>(CCL, CD, CPAA, CSC, CSIE, CEC). |
| | |

(Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva)

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedimientos**: Para valorar el trabajo realizado a lo largo de la 3ª evaluación, básicamente actividades de refuerzo y repaso, con vistas a afianzar la adquisición de competencias clave y contenidos más relevantes de la materia, impartidos en el 1º y 2º trimestre, así como a recuperar bloques o apartados no superados en su momento, se ha acordado sumar la calificación de 0 a 2 puntos(a la media de los trimestres anteriores), aplicando y ponderando de manera objetiva el profesorado los siguientes criterios (enviado documento por tutores a familias y alumnos):<br>- Asistencia a clases por videoconferencia: actitud, interés, puntualidad, recursos o material necesario y cumplimiento de las normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como el correcto comportamiento durante las mismas.(0,3)<br>- Entrega de tareas en plazo: cualquier retraso se comunica al tutor/a o profesor correspondiente, que estudiará cada caso. (0,35)<br>- Grado de realización de las tareas: calidad en la resolución de las actividades siguiendo las indicaciones del profesor (contenido, presentación, formato,…). (0,35)<br>- Entrega de trabajos (comentarios críticos, resúmenes/esquemas): su ejecución ha de seguir los criterios e indicaciones del profesorado; los trabajos han de ser originales o, en su caso, identificar las fuentes (no se valorarán tareas de "copia-pega" o copiadas de compañeros). (1)<br>Valoración que podría alterarse en caso de poder realizarsepruebas presenciales, o pruebas on-line que se puedan aplicar. |
| | **Instrumentos**: Para facilitar el proceso de aprendizaje de la materia y afianzar la comprensión/expresión en estas circunstancias extraordinarias que impiden las clases presenciales, se continúan realizando actividades de refuerzo y repaso, ahondando en la adquisición de competencias clave y contenidos más relevantes impartidos en el 1º y 2º trimestre, orientadas también a la recuperación de bloques o apartados no superados en su momento (incluida tarea específica), y avanzando, en la medida de lo posible, algunos conocimientos nuevos. Dichas actividades han consistido en tareas de distinta índolepartiendo de cuestiones de pruebas ABAU: ejercicios (léxico, morfosintaxis…), resúmenes y esquemas, así comocomentarios críticosde textos sobre temas de actualidad, preguntas sobre teoría literaria (corrientes o tendencias y sus rasgos significativos), autores y obras relevantes de los diferentes períodos literarios abordados, lecturas obligatorias (temas, técnicas…).<br>Todo ello registrado, valorado y tenido en cuenta por los docentes para favorecer la evaluación del alumnado. |
| **Cualificación final** | Para la nota final (convocatoria ordinaria), de cada materia se tendrá en cuenta:<br>1. La nota media de las calificaciones de la 1ª y de la 2ª evaluación.<br>2. A esa nota media se podrá sumar la calificación de 0 a 2 puntos, dependiendo del trabajo realizado a lo largo de la 3ª evaluación, en función de los criteriosarriba citadosacordados por el profesorado que los aplicará y ponderará de manera objetiva.<br>En consecuencia, se elimina la opción de subir nota mediante pruebas presenciales como figuraba en la programación inicial de la materia. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | El alumnado que en la convocatoria ordinaria no haya superado los objetivos de la materia (bloques o apartados concretos), tendrá la oportunidad de convocatoria extraordinaria en septiembre 2020. |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación: NO APLICA. |
| | Criterios de cualificación: NO APLICA. |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: NO APLICA. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Las actividades de repaso, refuerzo, recuperación o ampliación han consistido en tareas de distinta índole (antes especificadas): ejercicios (léxico, morfosintaxis…), resúmenes y esquemas, así como comentarios críticos de textos sobre temas de actualidad, preguntas sobre teoría literaria (corrientes o tendencias y sus rasgos significativos), autores y obras relevantes de los diferentes períodos literarios abordados, lecturas obligatorias (temas, técnicas…).<br>Todo ello registrado, valorado y tenido en cuenta por los docentes para favorecer la evaluación del alumnado. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Ante la suspensión de las clases presenciales y periodo obligatorio de confinamiento, se ha recurrido a medios telemáticos (correo electrónico, aulas virtuales…) para explicaciones y tareas. A aquellos alumnos con dificultades para acceder a dichos recursos se les proporcionó desde el Centro, Ayuntamiento, Cáritas… los dispositivos y conectividad necesarios para el desarrollo de las mismas. De todos modos, son frecuentes las incidencias relacionadas con la conectividado escasa coberturae incluso el caso de familias en que padres y alumnos trabajan de manera telemática. |
| **Materiais e recursos** | Ordenador / tablet / móvil, conexión a internet, manual escolar… |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | La información al alumnado y familias se realiza mediante correo-e, fundamentalmente a través del tutor/a y, en ocasiones excepcionales, de manera telefónica. |
| **Publicidade** | Publicación obligatoria en la página web del centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR PLURINLINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN
CURSO: 2º BACH
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DEPARTAMENTO: LINGUAS
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios de distintos ámbitos | LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.<br>LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.<br>LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. |
| B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. | LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas. CCL CSC |
| B2.3. Realizar traballos e preguntas sobre temas do currículo ou da actualidade social | LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. CLL |
| B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e produción do texto á súa revisión e corrección final. | LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos. CCL CD |
| B3.2. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural. | LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural. CCEC CCL |
| B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos. | LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. CCL |
| B4.4. Describir o contexto e a situación legal do galego moderno, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización. | LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. CCL CSC |
| B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade:<br>– Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>– Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía e prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. CCL |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
